

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-20

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre o *nesting* (a moda de quedar na casa os días de festa). Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

«Nesting»: a moda de quedar na casa os días de festa



Pasar unha fin de semana vendo películas ou gozando dun baño de burbullas nunca tivo tantos seguidores. Estar días sen saír do niño é a última moda, así que preparémonos, porque o *nesting* (do inglés *nest*, niño) chega para quedar... na casa.

A palabra *nesting* refírese a algo tan común como a felicidade que supoñen as horas de repouso e comodidade no fogar, e tamén a renunciar durante días á vida social. Trátase de entregarse de xeito despreocupado a non facer nada. Sen présas, sen horarios e sen plans. A soas ou en compañía, quedar toda a fin de semana na casa preséntase como un remedio ideal para reducir o estrés, descansar e, por que non, aforrar.

Un remedio fronte ao exceso de compromisos sociais

Moitas persoas teñen medo a perder calquera acontecemento social e a quedar á marxe das novidades e esa obsesión por estar sempre conectadas non é fácil de aguantar.

Fronte a estes novos costumes e ao uso excesivo das redes sociais que impoñen unha vida social moi intensa, o *nesting* pretende que desconectemos da rutina e dos compromisos.

Presumir de pasar unha noite tranquila en vez dunha saída de copas agora está de moda. Os plans con manta, película e libro resultan máis tentadores que nunca.

Outra forma de relaxarse

Os psicólogos afirman que pasar tempo na casa cos amigos, coa familia ou con un mesmo sen facer nada é a mellor maneira de relaxarnos e recuperarnos do estrés da vida diaria.

Non se trata de non facer nada nin de decidir se é mellor saír ou estar na casa, o importante é atopar o equilibrio. Para algunhas persoas, non facer nada é, simplemente, facer o que lles apetece e o que lles gusta, dende preparar un biscoito ata coidar as plantas, escoitar música, pintar ou facer manualidades.

A decoración axuda

Un dos aspectos importantes desta tendencia é a decoración. Se imos pasar dous días na casa, é mellor estar nun ambiente atractivo e acolledor. O *nesting* busca que a decoración sexa funcional, cómoda e agradable. Agardar un bo almorzo entre as sabas, ler o xornal deitado no sofá ou facer exercicios de relaxación na cama pode converterse nun momento marabilloso. Para lograr isto, a sala debe permanecer tranquila e, na medida do posible, sen aparellos electrónicos. A iluminación tamén é importante: a luz natural nun día solleiro contribuirá a recuperar o ánimo e a enchernos de enerxía.

Texto adaptado de *Coolt, revista de tendencias*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que se entende por <i>nesting</i>? ■ Que beneficios pode ter quedar na casa os días de festa? ■ Que recomentan os psicólogos para relaxarse e desconectar dos labores cotiáns? ■ Como se debe decorar o fogar para conseguir un ambiente cómodo e relaxante? 	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollerá unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.</p>	

- A.** Conte algún suceso ou anécdota que lle pasou a vostede ou a algunha persoa coñecida cando convidou alguén á casa (ou cando alguén o convidou a vostede).
- B.** Conte algún suceso ou anécdota que lle pasou a vostede ou a algunha persoa coñecida ao saír de festa.
- C.** Conte cales eran as súas afeccións ou o que tiña por costume facer vostede as fins de semana cando era neno/a.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que **NON** se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Adoita convidar xente á casa? Por que?
 - Que acostuma ofrecerlle á xente que invita a xantar ou cear na súa casa? Cociña vostede ou merca comida preparada? Por que?
 - Considera que quedar na casa supón gastar menos cartos? Cre que o aforro que supón convidar na casa compensa os traballos que ocasionan os preparativos? Por que?
 - E a vostede gústalle que os seus familiares ou amizades o/a conviden ou prefire quedar fóra da casa? Por que?
 - Que actividades lle apetece compartir con familiares ou amizades? Por que?
 - Cre que esta moda de quedar na casa as fins de semana ten moito éxito en Galicia? Pensa que os galegos somos moi caseiros? Por que?
- (Se procede)
- Que se adoita facer no seu lugar de orixe cando se convida alguén á casa?

OPCIÓN B

- Sae a miúdo polas noites? Adoita trasnoitar ou déitase cedo? Resúltalle cansado saír? Por que?
- Divírtese indo ás discotecas, ás festas... ou prefire desfrutar dun espectáculo ou relaxarse e conversar tranquilamente? Por que?
- Que actividades de lecer acostuma facer fóra da casa: pasear, practicar deporte, ir ao cine...? Cal lle gusta máis?
- Parécelle que é necesario saír e relacionarse con outras persoas ou que só o facemos por costume ou compromiso? Por que?
- Como se comunica normalmente coas persoas máis achegadas: en persoa, por teléfono ou a través da redes sociais? Por que?
- Cre que o uso e abuso do Whatsapp e outras redes sociais está cambiando a maneira de relacionarse das persoas? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Como pasa agora as fins de semana? Cambiaron moito as súas afeccións dende que era rapaz/a? Por que?
- Pensa que, hoxe en día, a xente nova necesita máis tempo de lecer que noutras épocas? Por que?
- Considera que en poucos anos cambiou moito a maneira de divertirse? Como? Por que?
- Que lle apetece facer cando quere descansar, relaxarse ou desconectar das tarefas cotiás?
- Aproveita as fins de semana para amañar a casa? Acostuma limpar, ordenar, pasar o ferro? Que labores do fogar lle gustan máis? E os que menos?
- Cre que agora a xente está máis estresada que antes? Parécelle que o fogar se está a converter nun refuxio?

(Se procede)

- Considera que hai diferenzas entre as actividades de lecer que se adoitan facer en Galicia e as do seu lugar de orixe?

